



## URÓLOGOS E XINECÓLOGOS DE TODO O ESTADO TRATAN EN VIGO A ACTUALIDADE DAS ENFERMIIDADES UROLÓXICAS

- *O Hospital Álvaro Cunqueiro recibiu a especialistas da "Sociedad Iberoamericana de Neurourología y Uro Ginecología" (SINUG) para tratar a actualidade das principais patoloxías relacionadas coa Uroloxía e a Uro Xinecología*
- *Vigo é unha das catro sedes a nivel nacional na que se fai este curso*
- *Participaron especialistas neste terreo de Galicia, Cataluña, Madrid, Canarias e Portugal, entre outros*

**Vigo, 15 de abril de 2024.-** Especialistas en Uro Xinecología de España e Portugal reuníronse no Curso Funcional by SINUG: curso organizado pola *Sociedad Iberoamericana de Neurourología y Uro Patología* e que congrega a urólogos e xinecólogos do conxunto do Estado e Portugal para abordar a actualidade das patoloxía relacionadas coa uroloxía e a uro-xinecología e por en común as súas máis recentes experiencias.



O obxectivo esencial deste curso foi facer un repaso da uroloxía funcional, tanto no varón coma na muller, sobre todo aquelas patoloxías que afectan a calidade de vida das persoas, tales como: síntomas no tracto urinario inferior (STUI), incontinencia urinaria, ou as dores de pelve e o seu tratamento. Así mesmo, abordáronse temas sobre novas técnicas de cateterismo e o prolapso de órganos da pelve (POP), sen esquecer as infeccións urinarias e as infeccións urinarias de repetición.



### **Patoloxías moi comúns**

Para levar adiante este compromiso, estiveron en Vigo, ademais de especialistas da propia Galicia; de Cataluña, Madrid, Canarias ou Portugal, entre outros, compartindo experiencias e novidades en temas de diagnose, tratamento da incontinencia urinaria, a dor de pelve crónica ou síndrome uroxenitais.

Compre indicar que preto dun 40 por cento da poboación padece este tipo de patoloxías no conxunto do Estado, aínda que moitas delas non se tratan, ben porque pensan que non hai un tratamento eficaz, ben porque consideran que se trata dunha afección normal da idade.

Esta deixamento por parte da poboación é máis frecuente no tema das incontinencias urinarias (tanto feminina coma masculina) ou no caso de prolapso pélvico: disfunción do solo pélvico que consiste no descenso de un o máis órganos pélvicos cara o exterior pola cavidade vaxinal.

### **Curso itinerante**

A SINUG pretendeu coa organización destes cursos levar aos profesionais da medicina, tanto especialistas neste ámbito como médicos de Atención Primaria, enfermaría, fisioterapeutas, etcétera, as novidades neste ámbito. Co fin de achegar este coñecemento, SINUG organizou en España catro cursos de forma itinerante, celebrándose xa en Madrid e Sevilla, tocándolle a quenda agora a Vigo, para finalizar o mes que ven en Barcelona.